

A NOSA TERRA

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

ANO XVI

Galicia (Pontevedra) 15 maio do 1.932

Núm. 294

A posición do Partido diante do Estatuto galego

O Consello do Partido estímase obrigado n-iste intre a eispór, con craridade, o seu criterio e a posición do Partido en col da iniciativa do Concello compostelán, que ficarán d-abondo xustificados facendo un pouco d-historia.

Os galeguistas—que, según os feitos están demostrando, tivemos unha certa visión do porvir e nos decatamos hay tempo de que si Galicia quería rematar ca inxusticia de que é ouxeto no orden económico-fiscal e afinar a sua personalidade, tiña de conquistar, tamén, o seu Estatuto—non somentes fomos os primeiros en redaitar un anteproyeito que servira de base á regulación das arelas autonómicas, senón que prestamos a máisima colaboración á famosa asamblea da Cruña, e adoutamos mais tarde unha posición chea de transixencia diante da reforma que os parlamentarios fixeron das bases saídas d-aquela xuntanza, n-oustante limitárenas a unha ben cativa autonomía administrativa.

Iste eixemplo sirveu de pouco, pois o proyeito que os parlamentarios entregaron solenemente na Cruña aos presidentes das diputacións nin foi dado a coñecer aos Concellos de xeito oficioso, nin entregado ao pobo pra que exercese sobre d-il a sua crítica denantes de lanzal-o a unha aición prebiscitaria.

Mais o Partido Galeguista non permaneceu inaitivo diante do abando das diputacións, pois non somentes se dirixiu aos seus presidentes intresándose pol-a sorte que corra aquil proyeito, senón que realizou parlamentariamente, en relación co-il, un prego e unha pregunta, por medio do seu deputado Sr. Castelao.

Dos presidentes das diputacións somentes responderon os de Ourense e Pontevedra: o primeiro prometendo xuntar aquela corporación pra tomar a determinación que conviñer; o segundo pra anunciar unha próisima xuntanza de diputacións na que se trataría de vencer o reparo que ofrecían algunhas d-elas. Pese ás boas disposicións que os ditos presidentes amostraban, o Partido non tornou a saber ren.

Con respecto ao rogo de Castelao, é d-abondo coñecida a decraración ministerial que motivou, no senso de que, calquera que fose o orixen da iniciativa, cando surxise en Galicia, recibiría o mesmo trato que as de Cataluña e as Vascongadas.

Comprendendo o noso Partido que a sua aición no asunto viría somentes a compricar o probrema, envolvendo n-unha loita partidista, agardou, deica hoxe, o intre en que unha corporación galega, neutral d-abondo, popular e representativa, lanzase a idea e tomase a iniciativa. Namentras, seguiu espallando tesoneiramente, a cotío, o seu ideario, pois por riba das loitas políticas e da mesma autonomía está o degoro galeguista de que o noso pobo recobre de cheo a concencia da sua personalidade. E o éisito das campañas do Partido está ben patente, e comproba que a nosa Terra latexa fundamente o amor á sua liberdade e ao afinamento das propias características.

D-acordo con ista aitude, hoxe, diante da iniciativa do Concello compostelán, que responde ás necesidades aituas da nosa Terra, o noso Partido non se pode negar a ratificar a decraración dos seus compromisos co-Ela, e a ofrecer, unha vez mais, a sua sinceira e leal axuda pra o traballo que escomenza; ca esperanza de que será encamiñado á precura d-unha liberdade política e administrativa tan ampia como a Constitución o permita, i-eispresada n-un Estatuto saído d-unha libre converxencia de *total-as opinións*, mellor que conquerido por unha agrupación política calquera ou nado de maniobras políticas mais ou menos hábiles...

O Partido tratará d-estar representado na asamblea que xa foi convocada, e someteráse aos seus acordos, a non ser que d-ela saia un enxendro incompatible cos postulados básicos do seu Programa; mais non hipoteca o seu dereito a seguir loitando, dentro d-unha cativa autonomía, por un réxime de prena liberdade; pra conquistar o político si somentes se demandase o administrativo, e pra afinar en todo intre o senso do noso e a fe nos destiños da nosa Terra...

Estatuto catalán e Reforma agraria

Duas cuestións manteñen en viva tensión o espírito púbrico nistes intres: o Estatuto de Cataluña e a Reforma Agraria. Dous feitos que decidirán a futura orientación da República no político e no social.

Deica agora o troque de réxime sentírase principalmente nos eidos do relixioso. Mais que ren apaixoara a discusión dos artigos da Constitución referentes á liberdade de creencias e á súa aplicación legislativa.

Deica agora non se atacará de cheo nin o problema da estruturación política do Estado, nin o da resolución da crisis social pranteado principalmente polo latifundismo nas terras andaluzas.

Pra o noso Partido o pranteamento destes problemas eisixía unha nida definición, asegún o Programa, e tal como a moderna técnica política o require.

A presenza nas Cortes dos deputados do Partido Galeguista posibilitou non somentes que iles falasen polo noso agrupamento, senón tamén que alí soase unha vos nidiamentes galega, somentes galega, ceibe dos compromisos do partido á vella usanza: unha vos inspirada no ben da nosa Terra.

N-iste senso, enfocou Castelao o problema catalán. Ben coñecida é xa de todos a súa actitude no enxuciamiento do Estatuto. Castelao, que falou en circunstancias ben difíciles, soupo engadir un novo brillo á limpeza da súa situación parlamentaria. No seu breve discurso, onde houbo moitas mais ideas que nas longuas peroratas dos sabios oficiais sinalou a conducta dos galeguistas, defensores da liberdade dos pobos e do seu dereito á autodeterminación política, mais tamén defensores dos intereses da súa Terra.

A tesis de Castelao foi esta: Cataluña ten dereito á súa liberdade, pro Cataluña, según o seu Estatuto, vai convivir cas outras nacionalidades na República Española, e nós, os galegos, que seremos no seu día outra individualidade ceibe n-iste concerto de pobos, temos de salvagardar os nosos intereses que poden toparse feridos se á protección arancelaria de Cataluña se non contrapesa c-un imposto progresivo que equilibre as diversas economías hispánicas e borre as situacións diferencas fiscaes.

Pol-o demais o discurso de Castelao tivo acentos de fondo agarimo pra Cataluña. Soupo eisaltar a exemplaridade do espírito catalán na afirmación da súa vontade de ser diferente pra ser asistente, e a rexa tenacidade dos políticos cataláns que, por riba de pequenas diferencas localísticas e sobre todol-os prexucios políticos, souperon defendel-a unidade e o dereito á propia gobernación da súa terra.

Cumprida resposta a todol-os politíqueiros, que agora queren entoar a "marcha real" dos vellos desastres. A oración de Castelao foi un berro de liberdade cheo

dos degoiros e das esperanzas dos pobos peninsulares que retornan agora á súa propia vida e que recobran co senso da propia personalidade a arela inesquencible da libre disposición da súa cultura e da súa riqueza.

¡Craro que o seu linguaxe non será endexamais entendido pol-os patrioteiros da Hespaña absurda dos manuaes e das dinastías extranxeiras, nin pol-os que teñen a disgracia de non saber o qué siñifican un pobo e unha cultura!

As intervencións sobre a reforma agraria estiveron encomendadas a os irmáns Otero Pedrayo e Suarez Picallo. Os dous defenderon a única posible posición do Partido diante d-aquel problema.

A reforma agraria ven eisixida por un feito social, mais tamén feito esencialmente "diferencial": o latifundismo. A "Ley de Reforma Agraria" leva un título demasiado ambicioso; debere chamarse: "Ley de Parcelación de Latifundios". E debe circunscribirse á Hespaña latifundista.

¿De cándoo a nós o problema latifundista? ¿Non é unha burla coidar *aínda* que toda Hespaña pode medirse pol-a mesma vara?

En troques, ¡qué grave, qué vello problema iste da nosa reforma agraria, da reforma agraria galega! ¡E qué emparellado vai co problema da autonomía galega!

De aquí a tesis de Otero Pedrayo e de Suarez Picallo, aceptada mais tarde, ao parecer, por todol-os deputados galegos: Galicia debe quedar esceituada da Reforma Agraria que agora se discute. Galicia debe realizar, de seu, a ordenación da súa economía rural.

Os discursos dos nosos parlamentarios foron como un sumario dos problemas do campo galego e das solucións que a iles aporta o programa do Partido Galeguista.

As sociedades agrarias de Galicia renderon o seu homeaxe ós nosos deputados telegrafíandolles as súas sinceras emboras pol-a súa actitude. O Partido editará os dous discursos pra que sexan orientación e guieiro de futuras situacións galeguistas.

Iste é o resume da intervención dos deputados galeguistas na discusión dos dous problemas fundamentais que axitan hoxe ó espírito púbrico nas Hespañás e que decidirán a hestoria dos pobos peninsulares.

Os dous problemas terán, con seguranza en Galicia unha próxima repercusión. Precisamos prantear primeiro o noso problema autonómico, o Estatuto Galego, pra abordar logo o noso problema social.

O Partido Galeguista traballará de cote por que se pranteen con certa oportunidade e por que se resolvan con éxito, con estes dous principios por lema: Galicia, pobo ceibe. Galicia, comunidade cooperativa.

A rendabilidade na agricultura

Por D. PEDRO URQUIJO LANDALUCE.—Inxeniero agrónomo

Convencidos de que un dos problemas máis importantes da nosa Terra é o do antieconómica explotación das súas grandes riquezas naturais, levamos ao noso Programa a necesidade d-unha moderna orientación do ensino e da creación de centros de experimentación, que, complementándose, finden as ruinosas rutinas do noso pobo e fagan de Galicia a terra rica e próspera que lle corresponde.

Dispostos a labourar n-este senso dende A NOSA TERRA, recolleremos n-ela traballos encamiñados a tal fin. Reproducimos hoxe un, moi interesante, esperando que todos os afiliados e lectores contribuirán ao seu maior espallamento, pra que o conozan os labregos galegos. Dí así:

“Na agricultura, como na industria, ten de se dar unha importancia moi principal a coñecer o beneficio que renda cada un dos capitais que n-ela interveñen.

N-oustante en Galicia i-en xeral en casi toda a Hespaña son poucos os labregos que saben o que lles deixa o que gastan nas terras, en abonos, nas sementes, etc., e o que tiran de cada un dos seus cultivos. E, inda que moitos coiden que os números compreen pouco na agricultura, deben, pol-o contrario, ser base do seu rexurdimento, da mesma maneira que a falla de cálculo é a causa do atraso tan grande quena agricultura padecemos.

Hay unha teima en Galicia das máis perxudiciaes pra o progreso agrícola: a facilidade con que se empregan os capitais ceibes e aínda os fiados na merca de terras i-en troques unha grande tacañeiría pra mercar estrumes, sementes escolleitas, ferramentas, etc.

E o que semella un segredo pra os labregos é que namentras o capital metido en terras non produce en Galicia máis que o 2 ou 3 %, a moito tirar, o que se invirtiu en boas sementes, bos estrumes, etc., deixa de un 200 a un 500 % en 6 ou 7 meses.

¿Cántos labregos se decatan d-isto? E n-oustante todos coñecen casos de quens pediron diñeiro a render pra mercar terras e pasaron os seus anos n-unha vida de escravitude e casi de fame sin poder desempeñarse,

i-en troques quen pide unhas pesetas pra mercar un bo estrume por eixemplo e pode devolvel-as antes do ano, quedándose il aínda c-un bo beneficio...

Unha comparanza numérica aclarará máis estes puntos, tomando como base ensayos feitos en diferentes cultivos en varios puntos de Galicia.

N-istes ensayos cada dez pesetas empregadas en potasa, por eixemplo, produxeron aumentos na cosecha de 16 ptas. como mínimum, chegando a oute 175 pesetas de aumento pol-as 10 ptas. empregadas n-un ensayo feito en Betanzos sobre patacas.

Ademitindo o resultado máis pequeno d-un ensayo sobre lameiros na Granxa Agrícola da Cruña, 100 pesetas empregadas en potasa convírtense ao cabo de 6 meses en 160. E 100 adicadas a mercar terras convírtense aos 6 meses, cos seus intereses, en 102 cando máis. Ao cabo de 10 anos, as mesmas 100 ptas empregadas en terras teríanse convertido en 122, e as 100 ptas. adicadas a mercar potasa gastada en cultivos sucesivos inda que se non supoña máis que un cada ano e no terreo que cumprise chegarían a producir 10.750.

Todo labrego que queira aumentar os seus beneficios e vivir mellor debe botar istas contas e decatarse ben do valor do diñeiro empregado en mercar bos abonos, sementes, etc.

2) A Teoría do Nacionalismo Galego

Por Vicente Risco

A razón da nosa campaña Nós víamos que Galicia se desgaleguizaba; nós víamos que Galicia se desfaguía; nós víamol-a perda das nosas tradicións, dos nosos costumes, da nosa fala, da nosa liberdade.

A noncuranza dos nosos pais deixáranos unha Galicia desgaleguizada, chea de vergoña de si mesma, homil-dosa y-escrava, disposta a aguantal-o todo.

Víamos ós gobernos da Hespaña oficial, d-esa organización teórica e ausurda qu'asoballa á verdadeira Hespaña, apri-carnol-as leises feitas pr'as necesidades ou pr'as comenencias d'outras terras... Víamol-o édodo perpetuo dos nosos irmaus que fuxían da súa terra non sempre por espírito aventureiro, senón as máis veces porqu'eiquí facíaselles a vida inhóspita e cruel... E víamol-a morte de total-as nosas pequenas industrias, y-a decalvación dos nosos montes, e todo un inmenso tesouro d-enerxía perdido na corrente das nosas augas, y-o esquecemento da nosa literatura, da nosa música, do noso folk-lore, da nosa fala, do noso caráutere...

Era a morte, a morte sen remedio pr'a nosa amada Galicia...

E víamos qu'esto era porque nos fallaba a vontade nacionalista. E como no noso sangue sentíamol-o cantar da terra, sentíamol-a voce de Galicia que non quería morrer, que non quería deixar de ser Galicia, un valente desexo, unha santa cobiza fíxonos sair das nosas casas onde pousabamos antre volumes cheos d-ideias novas, onde recollíamol-as correntes de todol-os ventos do espírito pra traballar na recostitución espiritual, social y-económica de Galicia, pra crear en total-as almas dos bós e xenerosos a vontade nacionalista,

Que se propón o Nacionalismo galego TEMOS dito qu'o Nacionalismo galego proponse a recostitución espiritual, política y-económica de Galicia. Quérese decir que precisáamol-a autonomía nas tres ordes...

Agora bén: entendemos por recostitución espiritual, a creación e conservación da civilización galega na Fala, na Arte e nos Costumes.

Entendemos por recostitución política, a liberación e goberno (no senso galego da verba) do pobo galego, ou sexa: acabar c'o caciquismo, — conseguil-a autonomía integral, — y-acomodal-o dereito y-as leises ás necesidades e máis ós costumes xurídicos de Galicia.

Entendemos por recostitución económica, o levar á nosa terra á súa máisima produción—multiplicar o infindo as comunicacións y-a propaganda dos produtos galegos—e precurar unha xusta y-equitativa distribución da riqueza.

Témonos que por ós tres a un tempo.

ARETOR D'A CULTURA GALEGA

Por EVARISTO A. MOSQUERA

"Galicia, unidade cultural.—Afinamento d'as características d'a personalidade galega: lingua, arte, espírito".

Eis o primeiro principio da nosa Declaración. A persoa que se achegue a ela sentiráse de súpeto un tanto admirada: O primeiro que a o galeguista lle interesa é a cultura galega, e intrésalle aínda máis que o mesmo autonomismo, pois iste punto vea despois no Programa. Eiquí xurde unha pregunta: ¿por qué ista preferencia?

Pra min é moi razoada: a lingua, o arte, o espírito, cousas fondas, forman a nosa yalma e xustifican o noso corpo. A yalma é unha vibración tan maravillosa que comprende somentes pra ela toda a fábrica complicada do corpo. A personalidade galega reclama, tamén, un corpo, un espírito excitado; o autonomismo. E dende logo decátase ún de que a esencia, a o percibir o corpo, é anterior a il. Por isto, no noso Programa fica primeiro afinamento cultural e logo a autonomía.

Un pobo en trance de renascencia, como un pobo en trance de decadencia, é un pobo en crisis de ascenso ou de descenso, máis, de cote, íntre de fonda emoción; íntre en que os afeitos máis delicados dirixense a Terra. O Home sente unha arela de debruzarse n-un éxtasis relixioso diante d'os tesoros espirituales. O amor e o res-

peto xúntanse n-unha adoración afervoada en que a arela de chegar, síntese detida pol-o asombro mudo ante cada anaquiño que xurde de súpeto d'ó tesouro d'a Terra.

Galicia atravesa unha crisis de renascencia, e os galegos arredor do berce —pra min o berce da renascencia galega ten de ser Santiago— contemplan afervoados o misterio da reencarnación histórica d-un pobo. A lingua, o arte, o espírito, son as esencias que hanse introducir no novo orgaísmo. Compre reencarnar con toda a súa pureza a yalma da Terra, máis comprende decatar-se da gran responsabilidade que sobre de nós pesa. Trátase de factores morales que comprende tratar con todo tino. A cultura galega non xurde poderosa con forte espírito de loita. Vai pouco a pouco desentrañándose nas mans do devoto, e pra ela abonda somentes a liberdade e o fervor.

Liberdade pra que a nosa cultura eispoña toda a súa singularidade, non somentes na nosa Terra, senón no mundo inteiro, pois non podemos esquecer-nos de que arelamos unha Galicia ceibe pra darse toda a Hespaña e a o Mundo. Fervor porque nós queremos que en ningún íntre debeza o amor que todos os galegos deben ter posto na espiritualidade racial. Arelamos a cultura galega a o alcance de todos e, arredor, unha moitedume estudiosa emocionada pol-a arela d'a raza.

O primeiro ficará conseguido, cando no extranxeiro se vexan obrigados a traducil-os libros escritos en galego, se queren ter coñecimento das derradeiras novas científicas, filosóficas e literarias.

O segundo, cando Galicia teña pol-o menos todol-os dereitos que na Conferencia da Paz se reclamaron pra as *mimorias nacionales*.

O terceiro, cando os produtos do chao e do traballo galego sexan buscados pol-o mundo inteiro, e cando todol-os galegos teñan pan, vestido, casa y-aforros.

II AS LOITAS NACIONALISTAS

O Nacionalismo **H**ASTRA despois das guerras napoleónicas, ninguén se ocupara en Europa dos dereitos das nacionalidades. Os Estados europeos formaríanse axuntando pobos de falas e de razas deferentes, según o dispuña o dereito de sucesión ou o de conquistas, y-aínda o Congreso de Viena de 1814, fixera as partixas e compensacións territoriales tendo en conta o número d'almas e máis a riqueza dos países e de ningún xeito a vontade dos pobos. Polonia fora de novo repartida entre Prusia, Austria e Rusia, Bélxica fora dada ó Rei de Holanda, o Norte d'Italia ó Emperador d'Austria.

Mais o principio da soberanía da nación trouxera o do dereito qu'elas tiñan a se gobernar por sí mesmas y-a non ser axuntadas a unha nación estranxeira, nin divididas entre varios Estados como fora Polonia. En total-as terras asoballadas (Polonia, Hungría, Bohemia, Bélxica, Italia, Grecia, Irlanda) formáronse *partidos nacionalistas* que caseque sempre eran liberais ó mesmo tempo e que reclamaban a independencia ou a autonomía.

Os patriotas, orgaizados en sociedades segredas (os *carbonarios* en Italia, os *fenianos* en Irlanda, a *Helairia* en Grecia) provocaron tres crises que colleron, caseque ó mesmo tempo d'unha á outra banda da Europa: unha en 1830, outra entre 1848 e 1850, y-outra ó redor de 1870. A primeira deu a liberdade a Bélxica; a segunda foi afogada; a terceira libertou a Italia. Na península dos Balkans, as loitas nacionalistas duraron dende 1804 hastra 1918, e foron as causantes da gran guerra.

Nin houbo sangue que afogare, nin amaños internacionales que rendisen o heroísmo das pequenas nacións. A opinión liberal da Europa inteira sempre foi a favor dos patriotas que se revoltasen n-un currunchó calquera. Ó fin, o principio de que cada nación debe formar un Estado autónomo fíxose axioma do Dereito internacional. Tal é a *Teoría das Nacionalidades*.

Lembrando un aniversario

Por RAMON VILLAR PONTE

O día 16 do mes de maio, fará dezaseis anos que apareceu na Cruña a primeira Irmandade da Fala. Pode afirmarse, sen hipérbolo, que tal data asina o definitivo escomenzo do vieiro que a patria galega ten de percorrere pra abranguer, n-un mañán mais ou menos perto, a liberdade total do seu vivire sen mediatizacións i-en preno disfruite do seu auto-dominio. Todo o que até a data indicada se fixera foran esforzos illados, moi meritorios dende logo, pro fallos de verdadeira ourentación doados pol-o mesmo a fracaso inevitabile no intre en que xurdían os primeiros oustáculos.

Aparecen as Irmandades da Fala e co-elas cabe afirmare que a Galicia escomenza seriamente, de unha maneira integral, a obra salvadora que escriuindo toda solución de continuidade se non interrumpirá xa até dare de cheo no trunfo e aínda pra se proseguire dimpois d'il. Os esforzos illados, os tencionamentos diversos, os propósitos patrióticos malogrados repetidamente por falla do vencello eficaz que xuntandoos os fixese mais resistentes e froitíferos, desaparecen totalmente. E no seu lugar xurde a acción conxunta, o esforzo unánime, a laboura armónica que aproveitando o concurso dos traballos e das enerxías individuais dos galegos conscentes, van facendo o miragre da creación de unha concenza cidadán, cada vegada mais deliñada e completa, eiquí, na nosa Galicia, onde denantes do feito das Irmandades o sentimento da Terra, con todo o que il é, o que supón, se achaba senón morto pol-o menos aletargado.

Co-as Irmandades da Fala a política da lingua, indispensable en todo movemento verdareiramente reivindicador e recreador de unha patria, toma afinamento e adquire carta de natureza antre nós por primeira vegada. Tendo en conta, pois, que todo canto se fixera denantes a frol do erguemento galego fora feito prescindindo ou pol-o menos concedendo moi pouca importancia ao factor lingüístico, ben se pode afirmare que feliz a oportuna creación das Irmandades veu a sere nas xornadas da vida galega algo eisí como a reitificación axeitada d-un erro lamentable, cuia persistenza ocasionou danos incalculábres e un retraso manifesto na ascensión da Galicia deica o seu trunfo e a sua liberación.

A circunstancia de que a terra galega fose a primei-

ra terra ibérica en que se manifestou o degoiro de abranguer o autodomínio e a primeira, pol-o mesmo, en que se fixeron prédicas de senso rexionalista, que o inesquecible apóstol Alfredo Brañas levou logo a Cataluña, cando alí aínda se non pensaba no magno problema da liberdade rexional, como en certa ocasión recoñecía Cambó, sen que dimpois o froito d-isas prédicas se ollase na Galicia por parte algunha, ben confirma o que nas liñas derradeiras se insiña. Fallou d-aquela, como fallou en todo canto se tencionou dimpois, unha apreciación esaita do problema. E isa apreciación, que era o decatare de que sen a renascencia idiomática posta en primeiro termo se non iría a ningures, soio se manifestou cando Antón Villar Ponte, obrando baixo unha inspiración feliz, dou ao público o libríño xa histórico "Nuestra afirmación regional", que ocasionou o salvador e oportuno nacemento das Irmandades.

Dende aquí 16 de Maio do ano 1916, pódese decir que a Galicia marcha segura, choutando por riba de balados e de oustáculos, en procura da sua verdadeira liberación. Dende estonces a Galicia deixou de sere pobo morto, e aínda que con esforzo estraordinario, tan estraordinario como pode supôre o erguerse dimpois de cinco séculos d'escravitude, vai pñdose en pe. A probalo está isa lexión xúrdia e benemérita de galegos eixempres que na tribua, no libro, no xornal, n-ise sorprendente Seminario de Estudos Galegos, en todas partes, n-unha verba, van paseniño re-creando a cultura galega, van recreando a espiritualidade da Galicia e afinando cada vegada mais o feito da nosa persoalidade inmorrente que, a despeito de total-as tiranías, cada día se acaroa mais a sere por sí mesma, sen mediatizacións que deshonoran, un faitor importante e decisivo na Historia.

Ao cumprirse agora os dezaseis anos do nacemento das Irmandades, ergamos, pois, irmáns galeguistas, os nosos curazóns deica a espranza que xa se vai trocando en realidade, e lembremos con veneración e agarimo fondos a aquiles irmáns, devanceiros na xúrdia e sen igual empresa, xa desaparecidos, de cuíos restos, mellor que decire que se achan acochados no seo da Terra nai, cabe afirmare que se achan sementados n-ela, producindo o xermolamento de froitos cada día mais abundantes e vizosos.

A LABOURA DAS SEGREDARIAS

A realizada dende a data do número derradeiro de "A NOSA TERRA" é a seguinte:

A de orgaización

A Directiva do do Grupo de Bueu quedou constituída como segue:

Presidente, Irmán Salvador Rodríguez Juncal; Segretario, Luís Novas Gutiérrez; Tesoureiro, Francisco Piñeiro; Vocaes, Francisco Ascáneo Franco e Francisco Freire Paz.

Iste Grupo está, ademais, desenvolvendo unha gran aitividade.

* * *

Baixo a presidencia do irmán Bóveda, Segretario de orgaización, e despois d-unha charla en col d-algúns puntos do Programa e disciplina do Partido, celebrou xuntanza extraordinaria o Grupo da Estrada, ao que se incorporaron destacados elementos d-aquela localidade.

En votación por papeletas, quedou eleixida a seguinte Comisión reorganizadora:

Presidente, Irmán Alonso Rey; Segretario, R. Alfonso Castro Dono; Contador, Rafael Varela Pazo; Tesoureiro, Xosé Campos Vázquez; Vocaes: María Pereira Rial, Carlos Pardo Ciorraga, Vázquez.

* * *

Tamén ficou constituída a directiva da Mocidade Galeguista de Ourense, que compoñen:

Xoan Luis Ramos Colemán, Presidente; Castor Vejo Cobelas, Vice; Antón Fernández Pérez, Tesoureiro-Contador; Claudio González Laso, Segretario; Isolino Carral Freire, Xohán Astorga Anta, Manuel Nóvoa López e Antón Herminha González, Vocaes.

* * *

A Segredaría, accedendo á petición d-un grupo de galeguistas de Ribadeo, incriptos no Partido acordou constituir unha Delegación n-aquela localidade.

* * *

Están xa despachados os carnets dos afiliados pertencentes aos Grupos de A Cruña, Santiago, Ourense, Pontevedra, Estrada, Barro, Grove, Bayón, Viveiro e outros.

Os grupos que inda non remitiron as fichas dos seus afiliados débennos mandar aixiña, pra que pol-a Segredaría lles poidan ser despachados os carnets respetivos e se lles remita directamente—como algúns Grupos solicitaron—"A Nosa Terra".

* * *

Advírtese novamente que o número do teléfono da Segredaría é o 261.

A de Propaganda

Á longa lista de aitos celebrados pol-o Partido ou en que interviñeron—sempre en senso galeguista—seus afiliados, temos de engadir os seguintes:

4 de abril.—Conferencia de Filgueira Valverde na Universidade, pra a F. U. E. compostelán.

14 de abril.—Mitin en Salceda, ás 4 da serán, orgaizado pol-a Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires, no que interviñeron os irmáns Alonso Rios, Bóveda, Castelao e Suárez Picallo.

O mesmo día, ás 8, conferencia de Suárez Picallo en Lavadores, orgaizada pol-a Xuventude Republicana Agraria.

15 de abril.—Mitin no Grove, a cargo dos deputados Castelao, Suárez Picallo, e Barral Otero, presidente do Grupo d-aquela localidade.

16 de abril.—Conferencia de Castelao no teatro da Estrada.

O mesmo día, conferencia de S. Ficallo no teatro de Vilagarcía, na que foi presentado pol-o irmán Bouza-Brey.

17 de abril.—Mitin na praza de Bueu, orgaizado pol-o Grupo, no

que interviñeron os irmáns Núñez Búa, Bouza-Brey, Paz-Andrade, Picallo e Castelao.

20 de abril.—Mitin en Mugarodos, orgaizado pol-o Grupo da Cruña, a cargo dos irmáns Victor Casas, Plácido R. Castro e Picallo.

21 de abril.—En Betanzos, orgaizado pol-o mesmo Grupo, intervindo os mesmos e Lugris Freire.

23 de abril.—Conferencia de Bóveda na Estrada e reorgaización d-aquil Grupo.

24 de abril.—Mitin no Carral, orgaizado pol-os Grupos de Santiago e A Cruña, conmemorando o aniversario do fusilamento dos mártires da Revolución galega, con intervención de F.º F. del Riego, Vicior Casas, Picallo e Lugris Freire.

26 de abril.—Aito conmemorativo dos fusilamentos de Carral no local do Grupo de Pontevedra, a cargo dos irmáns Vidal Martínez, Evaristo Mosquera e Filgueira Valverde, no que leron versos e prosas referentes á data os rapaces Gómez Otero e Torres Caplanne.

29 de abril.—Apertura do ciclo de conferencias do Ateneo de Santa Cristina, na Cruña, pol-o irmán Suárez Picallo.

1.º de maio.—Ás 10 da mañán, aito conmemorativo da festa do traballo orgaizado pol-a Cultural de Cabral en Lavadores, no que interviñeron os irmáns Isla Couto e Bóveda.

As 12 e meia, outro orgaizado pol-a Federación de Sociedades Agrarias de Lavadores, ao que puxo remate Suárez Picallo.

Pol-aserán, mitins en dúas Parroquias do concello de Silleda, nos que interviñeron os irmáns Alvarez Gallego, Paz-Andrade e Alonso Rios.

6 de maio.—Conferencia de Filgueira Valverde no paraninfo do Instituto de Pontevedra, pra a F.U.E.

(Ha seguir)

PENEIRANDO

Temos repetido que os partidos chamados nacionaes nin sinten os problemas da nosa Terra nin farán endexamais ren por entedel-os, e que namentras os deputados galegos formen parte d-iles i-en Galicia non teñamos conquerida a nosa unidade de acción tanto valerá mandar isa crás de deputados a Madrid como non mandar ningún.

Cecais sería mellor non mandalos.

O triste espektáculo que alá deron d-iles encerra unha leición ben crara... Isas cousas resólvense aquí. A Madrid, ás Constituintes, mandounos Galicia pra que defendan os seus intereses, non a que estén calados como petos cando se trata d-iles, e somentes abran a boca e se sintan con arrestos pra semellantes cati-
veces.

N-oustante o número de aitos ben celebrando a cotío, non igualado nin de moi lonxe por ninguiha outra agrupación política da nosa Terra, fora das campañas eleitoraes, inda hay xentes que semellan descoñecer a existencia do Partido Galeguista e do seu Programa e xornaes, como "La Voz de Galicia", da Cruña, que nos confunden co-a O. R. G. A., ca F. R. G. ou co Partido que d-iles naceu na asamblea que derradeiramente celebraron na referida cidade.

¿En qué praneta vivirán istas xentes? ¿Ou é que toman os seus informes dos xornaes madrileños que están empeñados en facer aos nosos deputados, Castelao, Otero e Picallo, membros da F. R. G.?

¡Xa vai sendo tempo de que se decaten!

A "Asociación de Cotables de Galicia", que ten a sua sede en Vigo, recollendo a iniciativa lanzada polo noso irmán Alexandro Bóveda, acordou crear unha Sección de estudos económicos e ir publicando na sua revista "El Contable" o resultado dos seus traballos sobre os problemas galegos.

Gabanzas meresce a boa ouren-tación da entusiasta "A. C. G." Amóstranos o eixemplo a tanta sociedade fósil, representativa dos nosos intereses, como hay desgraciadamente pol-a nosa Terra.

Tamén na xuntanza que os tidua-res mercantis celebraron na Cruña se tratou con senso galego de problemas nosos; non en balde asistiron a ela algúns afiliados do Partido.

Temos a seguranza de que non iran quedando no esquecemento estes eixemplos.

Xa fixemos referencia á xuntanza que a F. R. G. celebrou na Cruña.

Tenzoadamente furtamos ocuparnos eistensamente de tal xuntanza e dos seus resultados.

Porque nos topáramos en grande atolladoiro ao ter que xusgar aos que, non tendo xa outra razón de vida que os seus compromisos de autonomismo co-a nosa Terra, amosttran tibiezas n-un intre tan decisivo cal o que vivimos.

Hay cousas das que è mellor non falar... ¡Inda están a tempo de reitificar e poden si queren facer moito. Xa veremos!

A úneca protesta de senso patrio-treiro e castelanizante que se produxo en Galicia contra o Estatuto de Cataluña débese a un gremio de comerciantes de Ourense.

¿A què seitor da opinión galega pretenden representar estes Sres. casteláns na sua casi totalidade?

Vai sendo tempo de que se non atrevan a falar en nome da nosa Terra os que nin son d-ela, nin a sinten, nin lle renden ben ningún.

Ás veces os pequenos feitos encerran grandes leicións.

Os derradeiros resultados outidos pol-os equipos galegos na sua loita cos casteláns ven pôr de manifesto o fondo senso de solidariedade galega que eististe inda antre aquiles po-

bos nos que ise deporte ten producido antagonismos.

Os aprausos con que foi acollida en Vigo a victoria do Deportivo da Cruña sobre o Madrid e a ledicia que na cidade herculiña produxo a do Celta son ben sinificativas.

¡Que se nos fale das provincias e da falla de galeguidade!

Buzón

Foi nomeado correspondente da Acedemia de Hestoria o irmán Filgueira Valverde.

O irmán Alvaro das Casas, cadeirádego do Instituto de Noia, foi nomeado director do mesmo.

"A Nosa Terra" recibe con ledicia estes merescidos nomeamentos e felicita aos devanditos irmáns.

Tomou posesión do seu novo cárrago de Notario da Cañiza o irmán Vázquez, de quen recibiu a Segredaria un garimoso "saúdo", redai-tado en galego, ao que corresponde-mos co mesmo agarimo e destacando o simpático xesto de empregar—rompendo ca rutina—a nosa lingua pra istes mesteres.

Foi invitado a dar unha conferencia no Centro Galego de Cultura de Barcelona o deputado do Partido irmán Castelao.

O Grupo de Pontevedra ven celebrando todol-os domingos ás 11 da mañan, cada día con mais eisito, xuntanzas dos seus afiliados nas que os irmáns Iglesias Vilarelle, Bóveda e Filgueira Valverde e Mosquera, o entusiasta e aitivo Segredario do Grupo, se ocuparon dos difrentes problemas de aitualidade política e relacións co Programa.

Brindamos a ideia a os demais Grupos.

IMP. XULIO ANTUNEZ

A NOSA TERRA

PRECIOS DE SUSCRICIÓN

En Pontevedra, mes 40 céntimos. Fora, un ano, 6 pesetas.
América, un ano, 8 pesetas. (Pagos adelantados)

REDAICIÓN E ADEMINISTRACIÓN

Rúa de Manuel Quiroga, 24 - 3.º - Pontevedra

Ouxetos de Arte
vaxillas de todas crases
CASA MARIÑO
Oliva 11 e Sarmiento 3
Pontevedra

Sr. D. Sevastian Gonzalez Garcia Par

Imp. de Xulio Antúnez. - Pontevedra

CINQUE HERMANOS
LIBREIRÍA - PAPELEIRÍA - IMPRENTA
CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37
A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA
(CASA FUNDADA NO 1865)
A CRUÑA
Ferretería, Quincalla, Mobles, Máquinas, Pedras francesas pra muiños etc. etc.

Banco Pastor
Antes Sobrinos de José Pastor
Casa fundada no 1776

Capital suscrito.	Ptas. 17.000.000' -
Id. desembolsado	" 11.000.000' -
Fondo de Reserva.	" 6.000.000' -
Id. id. pra fluctuación de Valores,	" 6.497.028'38

CASA CENTRAL: NA CRUA
SUCURSAES
Vigo, Lago, Viveiro Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxía, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póboa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Pontearreas, Chantada, Ourense, Cerdeira e Ordes

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS
Abonando os seguintes intrses:

A vista.	2 1/2 %	anual
A tres meses	3	"
A seis meses	3 1/2 %	"
A un ano.	4	"

CAIXA DE AFORROS
Abonando intrses ó 3 1/2 % a o ano

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA
Intrses a convir
Venda de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

PAULINO FREIRE
BOUZAS-VIGO
Sucursaes: A Cruña - Ferrol
Redes de algodón pra tarrafa. Aparellos armados i-en panos pra barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cañamo alquitrinado. Cabres de aceiros, ingresos. Aceites xeneraes e vexetaes, e surtido compretó pra maquinaria e pesca.
Santa Lucía, 26 e 29 A CRUÑA

GRANDES ALMACENS DE TECIDOS
NUEVO MUNDO
SEICIÓN DE SASTRERÍA E CONFEIÇÕES
Inmenso surtido en panos da Terra e extranxeiros. Confeiciónase toda crás de prendas pra mulleres, homes e nenos.
San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA

A SUPERIORIDADE DOS
CALZADOS SENRA
ABONDA PRA XUSTIFICAR A PREFERENCIA DOS CONSUMIDORES, MAIS O PROCEDERE D'UNHA INDUSTRIA GALEGA,
HONRA DA NOSA TERRA
OBRIGA A NON GASTAR OUTROS A CANTOS SINTEN AMOR POLO SEU ENGRANDECIMENTO
FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA. - A CRUÑA
DESPACHOS:
Cantón Grande, 15, A CRUÑA
Real, 110, FERROL
Príncipe, 9, VIGO